



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación
Educativa

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

Boletín Informativo

ENTREGA DE PREMIOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN



A conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, presidiu a luns 8 de xaneiro a entrega de premios aos 40 alumnos e alumnas galardoados no Concurso Hispanoamericano de Ortografía e nos premios extraordinarios de bacharelato e Formación Profesional.

[Ler máis](#)

[Listaxe](#) coa relación dos estudantes premiados.

AXUDAS ECONÓMICAS PARA ALUMNADO QUE REALICE PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABAJO

No [DOG nº 6](#) do martes, 9 de xaneiro de 2007, convócanse axudas económicas para o alumnado que realiza práctica en centros de traballo correspondente aos estudos de ciclos for-

mativos de grao medio e superior de formación profesional específica, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño, e programas de garantía social.



PROGRAMA PILOTO 2007

“O MONTE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE”.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Medio Ambiente convocan o Programa Piloto 2007 “O MONTE E OS DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE”. Unha estratexia na prevención dos incendios forestais.

O mesmo tempo celebráranse unhas xornadas no MUPEGA (Santiago de

Compostela) os días 2, 3, 9, e 10 de febreiro, “O MONTE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE”.

O día 16 de xaneiro terán a súa disposición unha páxina de internet na que atoparán máis información <http://www.edu.xunta.es/polomonte>



Contido:

Entrega de premios da Consellería de Educación	1
Axudas económicas para práctica de alumnado	1
O monte e o desenvolvemento sostenido	1
Exposición no Museo Pedagógico de Galicia	2
Altas capacidades. Un desafío educativo	2
Premio a acción maxistratral 2007	2
Concurso grupos de teatro clásico grecolatino	2

EXPOSICIÓN NO MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA



O Museo Pedagógico de Galicia acolle unha exposición sobre xoguetes e outra

sobre a historia da prensa escolar en Galicia.

A mostra “*Máis de cen anos de prensa escolar*” fai un percorrido á historia das publicacións escolares na Comunidade.

“*Ronsel de ilusións*” recrea os principais acontecementos da infancia durante as

décadas de 1940 e 1960 a través de xoguetes e distintos materiais como fotografías ou libros.

Estas exposicións poderán visitarse ao longo de todo o curso académico en horario de 10 a 14 e de 16 a 20 horas.

[Máis información](#)

Portal Galego de Contidos Educativos

<http://www.edu.xunta.es/contidos>

ALTAS CAPACIDADES. UN DESAFÍO EDUCATIVO.

Durante os días 1 e 2 de Marzo de 2007, celebrárase no Palacio de Exposicións e Congresos de Madrid a primeira edición do Congreso Internacional da Comunidade de Madrid ALTAS CAPACIDADES: un desafío educativo.

Preténdese compartir e intercambiar os avances

habidos na investigación e na aplicación de novas respostas educativas, cos diferentes especialistas que traballan ou se relacionan con este alumnado.

[Máis información](#)



PREMIO Á ACCIÓN MAXISTRAL 2007



A fundación de axuda contra a drogadicción, a Comisión Española de Cooperación coa UNESCO e BBVA convocaron recentemente o premio á Acción Maxistral 2007, dirixido a recoñecer e premiar os proxectos e experiencias educativas que

se estean a desenvolver durante o curso 2006-2007 en Centros de Educación Infantil e Primaria.

[Máis información.](#)

Plan Valora

<http://www.edu.xunta.es/valora>

CONCURSO DE GRUPOS DE TEATRO CLÁSICO GRECOLATINO

Na [orde ECI/4108/2006](#), de 27 de novembro, anúnciase a convocatoria de premios correspondentes ao Concurso de Grupos de Teatro Clásico Grecolatino para o curso escolar 2006/2007 co fin de estimular e recoñecer o esforzo

dos grupos de teatro, para difundir a lectura e a representación teatral das obras clásicas grecolatinas. Está dirixido ao alumnado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos, tanto de centros públicos coma privados.

